



## **A APDR SOLICITA A APERTURA DUN EXPEDIENTE DE RENOVACIÓN DA AAI DE ENCE**

En abril de 2008, a Dirección de Calidade e Avaliación Ambiental da entón Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, outorgou á fábrica de ENCE en Lourizán a Autorización Ambiental Integrada por un período que finaliza o 31 de decembro deste ano. De acordo coa lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrado da contaminación, cun mínimo de dez meses de antelación a súa caducidade, a empresa ten que ter solicitada a renovación da mesma, debendo entón a administración iniciar o proceso.

A APDR, consciente de que ENCE está a incumplir a lexislación en materia de vertidos e a provocar un impacto ambiental que non está a ser debidamente valorado, ven de remitir á DCAA un escrito no que, tras pormenorizar os aspectos nos que a AAI resulta deficitaria e na medida en que se está a tolerar o incumprimento da lei en materia de vertidos e que non se controla axeitadamente a contaminación nin o impacto, solicita que inicie un expediente de renovación no que se examinen, tanto os aspectos que implican un incumprimento da legalidade, como aqueles que esixen modificacións, como as metodoloxías de control do impacto dos vertidos sobre o medio receptor ou o control das emisións gasosas.

De acordo coas últimas analíticas do vertido da empresa recibidas pola APDR e procedentes das mostraxes realizadas pola propia empresa na saída do efluente da fábrica, o número de superacións do máximo permitido para a Demanda Química de Osíxeno, DQO, parámetro que valora a cantidade de materia orgánica contida nas augas residuais, é claramente superior ao que permite a lei de augas residuais urbanas, sendo necesario que a AAI fixe uns límites de vertido acordes coa lexislación na materia e establecer medidas de control que eviten unha manipulación do vertido, posible xa que, cando a Consellería de Medio Ambiente realizaba analíticas de contraste, os datos obtidos pola administración eran superiores aos que obtiña a empresa.

Tamén se fai fincapé no escrito enviado da presenza, revelada tamén polas analíticas da empresa, de cantidades significativas de mercurio no vertido; aínda que estas cantidades non superan o máximo permitido, a lei de augas de Galicia so permite a presenza deste metal pesado nas augas residuais no caso de que proceda das materias primas utilizadas no proceso industrial. Neste caso, as materias primas utilizadas por ENCE non inclúen mercurio, polo que non se xustifica a aparición do mesmo, nin en cantidades inferiores ao máximo permitido. Estas emisións deben considerarse perigosas, sobre todo tendo en conta o grande volume do vertido de ENCE, de arredor de 40.000 metros cúbicos diarios, que determina a entrada de cantidades importantes de Mercurio na ría ao longo do ano.

Por outra banda, no relativo á contaminación atmosférica, á vista de que en Pontevedra se dan frecuentemente valores altos na concentración de Óxidos de Nitróxeno no aire e dado que o tráfico dificilmente podería ser o único causante desta contaminación, faise necesario establecer en que medida as emisións de ENCE contribúen a estes episodios de altos niveis de contaminantes. Neste sentido é necesario un estudo da distribución do penacho procedente das chemineas e a toma de mostras de aire nas zonas de influencia do mesmo para facer unha valoración realista.

Para a Asociación Pola Defensa da Ría, ENCE non amosa interese nin capacidade para reducir o seu impacto ambiental na Ría e na bisbarra de Pontevedra; a súa suposta inocuidade ambiental non é máis que o argumento dunha campaña de publicidade para ocultar unha realidade na que seguen a estar presentes a contaminación e o dano ao medio ambiente, igual que cando o admitiron ao ser xulgados no ano 2002, por iso, si se valoran de forma axeitada os efectos da industria sobre o medio ambiente, non se lle poderá conceder a renovación da Autorización Ambiental Integrada.

Pontevedra, 1 de marzo de 2011

Pola Asociación Pola Defensa da Ría, Benito Andrade